

ACORDOS ADOPTADOS

Acordos da sesión extraordinaria da Comisión Permanente da Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día **27 de outubro de 2022**.

1. Apróbanse os cambios de titorización, título e resumo de Traballos de Fin de Grao presentados.
2. Apróbanse por asentimento, con respecto á asignación provisional dos Traballos de Fin de Grao e Profesorado Titor para o curso 2022/2023, os seguintes puntos:
 - Dar o visto e prace aos titores dos TFG de asignación directa.
 - Asignar TFG aos alumnos que o solicitaron e dar o visto e prace aos seus titores.
 - Asignar TFG por oficio aos alumnos que non teñen TFG asignado e dar o visto e prace aos seus titores.
3. Primeiro, apróbase por asentimento nomear o Tribunal do Premio Extraordinario do Grao en Comisión Permanente para que sexa ratificado en Xunta de Centro. A continuación, apróbase o nomeamento do devandito tribunal.
4. Apróbase por asentimento a distribución de partidas económicas e acción relativas a distintas necesidades de material e de laboratorios docentes.
5. Non hai asuntos de trámite.